


A medida M07 “Completar o mapa de solo industrial de Galicia” plásmase en sendos proxectos de gasto que superan os 3,9 millóns de euros con actuacións deseñadas para os Parques Empresariais de Taboada, Monforte de Lemos, Becerreá, Palas de Rei (na provincia de Lugo) e nos de As Pontes de García Rodríguez e Cerceda (na provincia da Coruña), para os que se estiman os seguintes datos: a superficie de planeamento en tramitación (m²) alcanzará 1,2 millóns de metros cadrados, acadando a fase de planeamento aprobado unha superficie de 378.825 m². En proceso de urbanización computárase unha superficie de case 86.000 m², culminando o proceso de urbanización de solo empresarial cunha nova superficie urbanizada de preto de 130.000 m².

III.2.3. OE 3. Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial

A estratexia de desenvolvemento económico de Galicia pasa por converter a diversidade nun factor competitivo dentro dunha economía globalizada, baseándose na especialización. O fomento da cooperación competitiva entre as empresas, redefinindo a política de clusters e a identificación dos sectores prioritarios de atención, impulsará a delimitación espacial de proxectos singulares.

A nuclearización de empresas interconectadas, subministradores e provedores especializados de servizos, empresas e institucións conexas merece un impulso que dea lugar á cooperación e á innovación competitiva.

Este obxectivo representa o 7,4% do total do PEG e absorbe o 45,6% do Eixe 2 Dinamización económica, emprego. A súa composición entre os distintos sectores, sen contar os proxectos asociados ao Soporte xeral, preséntase na gráfica de sectores adxunta:



Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	14.137.575
432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	7.241.000
432C FOMENTO DO AUDIOVISUAL	1.059.047
513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	9.401.014
514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	5.290.795
551B ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	91.899.999
711A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	34.530.007
712B MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	71.281.512
712C FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	4.511.069
713A MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS	5.125.051
713B ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS	53.938.249
713C IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	6.985.238
713D MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA	9.895.909
713E BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	49.085.225
713F REGULACIÓNS DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	57.753.911
721A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	15.014.139
722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	3.182.584
723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	103.267.484
723B REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA	11.297.722
731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	8.480.334
732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	11.105.059
741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	26.762.036
751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	21.230.102
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	49.897.223

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
04-PRESIDENCIA DA XUNTA
30-S.X. DE MEDIOS
08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
01-SECRETARÍA XERAL TECNICA
02-D.X. DE INVEST., DESENVOLV. E INNOV.
03-D.X. DE COMERCIO
04-D.X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS
405-INST. GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA
11-CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
01-SECRETARÍA XERAL TECNICA
02-S.X. PARA O TURISMO
301-AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS
13-CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
01-SECRETARIA XERAL TECNICA
02-D.X. DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA
03-D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL
04-D.X. DE INNOVACIÓN E INDUSTRIAS AGRARIAS
05-D.X. DE MONTES
203-FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA
408-AXE. GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
14-CONSELLERÍA DO MAR
01-SECRETARIA XERAL TECNICA
02-D.X. DE COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN TEC
03-D.X. DE ORDEN. E XESTIÓN DOS REC.MARIÑOS
04-D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

As medidas do Plan Estratégico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E2: Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	Importe	%
<i>OE03 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial</i>	672.372.284	
M01 Impulso ou creación dos novos clústeres nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que por as súas ventaxas competitivas teñen expectativas de crecemento	22.066.824	3,3 %
M02 Consolidar un centro de homologación do automobil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes	2.400.000	0,4 %
M03 Desenvolvemento do clúster do sector de Construcción Naval, impulsando a diversificación e a especialización do sector	80.000	0,0 %
M06 Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio	16.688.447	2,5 %
M07 Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente	86.761.079	12,9 %
M08 Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega	7.618.206	1,1 %
M09 Estruturación do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal	1.320.647	0,2 %
M10 Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica	78.913.376	11,7 %
M11 Consolidar un sector galego do audiovisual	7.994.188	1,2 %
M12 Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura	29.303.743	4,4 %
M13 Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia	14.691.809	2,2 %
M14 Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe	32.916.702	4,9 %
M15 Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade	38.633.189	5,7 %
M16 Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade, - e non pola cantidade- + mellora da xestión + formación) e dos destinos (desenvolvemento de produtos que incidan directamente nun maior gasto medio e/ou maior estadía media e/ou maior cota de turismo internacional)	1.200.365	0,2 %
M17 Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia	19.508.911	2,9 %
M18 Desenvolvemento dunha nova estratexia de marketing no sector turístico	1.616.525	0,2 %
M19 Promoción de Galicia como destino de turismo cultural	25.014.157	3,7 %
M20 Mellorar os polígonos industriais	2.992.207	0,4 %
M21 Mellorar a seguridade industrial	853.176	0,1 %
M99 Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	281.798.733	41,9 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	388.762.869	57,82%
FCI	24.464.695	3,64%
FEDER	22.555.560	3,35%
Orzamentos xerais do Estado	56.002.287	8,33%
FEADER	64.270.423	9,56%
FEAGA	51.900.000	7,72%
FEP	63.877.769	9,50%
INTERREG	375.119	0,06%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	52.517	0,01%
OUTRAS INICIATIVAS	111.045	0,02%

Nas medida M01 e M03 relativas ao apoio aos clústers, consígnanse proxectos de gasto de transferencias tanto correntes como de capital coa finalidade de fomentar e apoiar novos clústers como ao fomento dos clústers xa existentes no tecido produtivo galego (o da automoción, do sector naval, da acuicultura, do audiovisual, de biotecnoloxía, do sector TIC, do produto gráfico e do libro galego, das tecnoloxías da información e da comunicación e o alimentario). Contéplanse ademais as achegas ao Parque tecnolóxico de Galicia no que se estima a constitución de 10 plataformas tecnolóxicas, xunto ao proxecto que recolle a anualidade do convenio co Clúster do naval (ACLUNAGA) para a certificación da calidade da industria naval galega.

O apoio ao centro de homologación do automóbil e impulso de vehículos energeticamente eficientes, figura cunha consignación pola anualidade 2012 do convenio co Clúster de empresas da automoción de Galicia CEAGA para a realización de 7 estacións multifuncionais de electromobidade.

En desenvolvemento da medida M06 “Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio” inclúense un conxunto de proxectos asociados á actuación do PEG Modernización e desenvolvemento do comercio galego, incrementando o atractivo comercial e adaptándoo as necesidades do consumidor. consistentes en primeiro lugar, en transferencias para proxectos de remodelación de mercados municipais e de abastos en Santiago de Compostela, Ourense, Vigo, cos que se estima a instalación de 35 novos establecementos comerciais, poñendo en valor este tipo de mercados tradicionais e de proximidade, xunto a actuacións dirixidas ao fomento e modernización do comercio retailista. Outros proxectos irán destinados ao financiamento de actuacións de ordenación de espazos comerciais municipais e de vertebración dos mesmos, entre os que figura singularizado o proxecto de equipamento comercial de Mondariz.

Parte das actuacións desenvolveranse coa colaboración das Cámaras de Comercio galegas xunto á sociedade mercantil Galicia Calidade, S.A e as achegas ás fundacións feirais de Galicia. ás que se lles destinarán os créditos requiridos.

No contexto actual de crise e perda do poder adquisitivo dos consumidores e a consecuente redución da actividade comercial retalista, apoiárase o cese da actividade comercial mediante un plan específico.

Figuran, así mesmo outras actuacións de investimento cara a promoción do comercio galego e os produtos galegos e o apoio ao asociacionismo no sector. Estímase que se implantarán 50 servizos de asesoramento comprendidos na rede de innovación e Observatorio do comercio.

Figura tamén un proxecto de gasto vinculado coa medida de mellora dos polígonos industriais a través de achegas de capital aos concellos, e actuacións asociadas á mellora da seguridade industrial.

A continuación describíranse as principais actuacións desagregadas polos subsectores e medidas correspondentes do PEG. As medidas destinadas ao impulso do sector agrogandeiro (Medidas 7 e 8) alcanzan os 94,4 millóns de euros e representan o 14% sobre o Obxectivo estratéxico, así mesmo posúen alto peso porcentual sobre o total do eixe 2 de dinamización económica, xa que acadan o 6,4% ,chegando ao 1% sobre o total do PEG.

A importancia tanto na estrutura produtiva galega, en achega ao Valor Engadido Bruto (VAB), como no tocante ao mercado laboral tradúcese no impulso que as actuacións encamiñadas a este sector presentan no orzamento do PEG en 2012. Así obsérvase que os apoios ao conxunto de medidas do eido agro gandeiro xunto ao subsector forestal, máis as medidas do eido Mar-industria, xunto ao impulso dos Portos e do sector naval, achéganse a 290,2 millóns de euros, o que representa o 43,2% do total deste Obxectivo estratéxico. Tamén a porcentaxe sobre o total do eixe é apreciable (19,7%) e incluso sobre o total do PEG, que é do 3,2%.

Entre as actuacións que se desenvolverán sinálanse as seguintes:

Mellora da competitividade das explotacións agrarias e gandeiras, mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación da produción. Para iso, fomentárase o rexuvenecemento do sector coa incorporación de mozos e mozas ás actividades agrarias, gandeiras e forestais, así como o apoio aos investimentos mediante plans de mellora das explotacións agrarias. financia investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais; e o apoio a sistemas produtivos respetuosos co ambiente.

O fomento do dimensionamento cooperativo e do asociacionismo agrario como ferramenta para acadar unha maior competitividade das producións mediante cooperativas e outras entidades asociativas ben dimensionadas e da utilización da maquinaria común.

○ fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando ao produto galego como sinónimo de produto de calidade, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.

Reestruturación e reconversión de viñedo. Programa de promoción dos viños galegos en países de fora da Unión Europea, e a xestión do potencial vitícola: aplicación da reforma da OCM vitivinícola e o do Programa de Apoio ao sector, poñendo énfase na política de reestruturación e reconversión do viñedo para favorecer as producións de calidade con denominación de orixe, a correcta xestión do potencial vitícola priorizando a recuperación das superficies abandonadas, e a promoción dos viños galegos das distintas denominacións de orixe no mercado. 500 explotacións de viñedos beneficiaranse das axudas a través de transferencias de capital.

Programa de recuperación, conservación e fomento de recursos zooloxéticos autóctonos e a súa valorización nas producións ecolóxicas e de calidade e no aproveitamento de superficies infrautilizadas. O programa desenvolverase coa colaboración das entidades de criadores mediante dúas vertentes: programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega; e programa de conservación e recuperación das razas autóctonas galegas en perigo de extinción.

Programas de aseguramento da calidade e a rastrexabilidade da produción leiteira. Apoio á creación e modernización das industrias do sector lácteo e novos retos. Vincularanse as actuacións en materia de calidade coa utilización eficiente da ferramenta Letra Q, co obxectivo inequívoco de mellorar a rendibilidade das explotacións participantes no programa e de transmitirle ao consumidor final a garantía de calidade que demanda. Co programa de control do rendemento leiteiro achegarase ao 70% de produción leiteira.

Actuacións de apoio á sanidade vexetal e animal e execución de programas obrigatorios de erradicación de enfermidades na gandaría e o programa de mellora xenética do frisón galego, coa colaboración das gandarías galegas e de Xenética Fontao. Cos proxectos de fomento do benestar animal e sanidade estímase que se realizarán algo máis de 500 actuacións de ordenación dos medios de produción.

Apoio á participación de produtores en programas de calidade diferenciada. Realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada.

○ indicador que cuantifica o número de explotacións agrarias e gandeiras que se beneficiarán polas axudas de apoio ao sector, reflicten os seguintes datos, tendo en conta que se contabilizan as axudas, xa que unha mesma explotación pode resultar apoiada por varias liñas de axuda complementarias:

- Cálculase que 1.000 explotacións e 9.000 agricultores obterán unha axuda para inves-

timentos en industrialización a empresas e microempresas, en desenvolvemento do apoio á innovación e fomento da calidade diferenciada no ámbito agroalimentario e 1.000 agricultores obterán axudas á internacionalización do viño.

- Nos proxectos de apoio aos sistemas produtivos, calcúlase que unha gran parte das explotacións recibirán axudas; concretamente, 15 explotacións de produción equina, 8.000 explotacións leiteiras percibirán axudas para a adopción de programas de aseguramento da calidade, para a utilización de recursos zootécnicos autóctonos haberá 1.400 explotacións beneficiadas, 11.000 explotacións gandeiras recibirán apoio no programa de mellora xenética da gandería frisona, e un total de 7.000 recibirán algunha axuda do programa de mellora da calidade produtiva dos animais.
- Polas axudas á mellora da eficacia e sustentabilidade de explotacións agrarias se calcula que haberá 1.200 agricultores beneficiados.
- 500 explotacións percibirán as axudas ao fomento do asociacionismo e uso en común da maquinaria e instalacións.
- Polas axudas que desenvolven os contratos agroambiental e de benestar animal do programa de gasto de modernización e diversificación, se beneficiarán 500 explotacións.

Finalmente, calcúlase que das axudas e indemnizacións aos agricultores:

- en zonas distintas ás de montaña, haberá 662 explotacións, 552 na rede rural nacional e 100 da rede autonómica,
- en zonas especiais (ICM, ICNM, Rede Natura 2000) haberá unhas 1.000 axudas entre a rede autonómica e a nacional.

O ámbito forestal e de fomento da modernización e dimensionamento da industria de transformación da madeira, xunto ás actuacións de prevención e loita contra incendios forestais, está incluído nas medidas M09 e M10. Presenta unha dotación de 80,2 millóns de euros, que representan o 11,9% sobre este Obxectivo estratéxico e o 5,4% sobre o Eixe 2 de dinamización económica.

Entre as actuacións propostas para 2012, estableceranse liñas de investimento e axuda dirixidas á:

Ordenación das producións forestais, co fin de acadar un aproveitamento economicamente rendible, socialmente beneficioso e ambientalmente respectuoso.

Favorecemento de liñas de agrupación e creación de sociedades mercantís (SOFOR) compostas dun número de propietarios suficientes para que as superficies agrupadas sexan obxecto dunha xestión forestal sustentable. Calcúlase que cos proxectos para potenciar a constitución e a ordenación forestal das Sociedades de Fomento Forestal, impulsando a concentración privada forestal, se inscriban no rexistro 50 Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR) e 5.000 produtores forestais se beneficien destas axudas.

Fomento de investimentos en materia de restauración forestal e silvicultura, entendendo que ditas actuacións supoñen unha fonte continuada de emprego no rural, un aumento do valor engadido das producións e unha medida directamente dirixida cara a prevención fronte a incendios forestais.

Creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.

Favorecer a implantación, ampliación ou modernización de empresas de aproveitamentos forestais mediante axudas ao investimento en activos fixos produtivos relativos ás operacións de aproveitamento dos produtos forestais, e o fomento da certificación forestal, no que se calcula que 20 proxectos de fomento obterán a certificación forestal.

Cos proxectos de accións silvícolas de mellora das superficies arboradas, obtérase unha superficie mellora de algo máis de 13.000 hectáreas. Para protexer o monte e as superficies arboradas levaranse a cabo 8 actuacións contra pragas e enfermidades forestais. Finalmente calcúlanse unhas 1.000 axudas para as repoboacións forestais coas que se conseguirá unha superficie rehabilitada de 369 hectáreas.

Outra as liñas de actuacións destacadas tamén para o orzamento 2012 é o conxunto de actuacións preventivas e de infraestrutura forestal, que teñen como obxectivo fundamental a loita contra os incendios forestais, distinguíndose dous tipos de accións:

a) Redución do número de lumes

Actualización dos estudos espazo-temporais, redefinición das Zonas de Alto Risco de Incendios e de especial vixilancia, desenvolvemento das Campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación, potenciación do Teléfono 085 e incremento da vixilancia preventiva e disuasoria (policial e forestal en todo o territorio), así como a presión policial nas zonas de alto risco e de especial vixilancia que se definan.

b) Redución da superficie queimada

Propónse a realización dos seguintes plans de actuacións:

b.1. Plan de vixilancia e detección: vixilancia dos montes, agrupacións de propietarios, de voluntarios, etc. O plan contempla os recursos humanos e medios materiais necesarios para desenvolver os traballos de vixilancia e detección dos incendios por parte do dispositivo da Xunta de Galicia, e outras administracións, incluíndo especificamente aos corpos e Forzas de Seguridade do Estado e ás Forzas Armadas, ademais da colaboración dos distintos colectivos tanto rurais como urbanos con maior o menor vinculación ao monte (agrupacións de propietarios forestais, agrupacións de voluntarios, etc.) para que tamén realicen no monte tarefas de vixilancia e detección de incendios. Estes colectivos apoiarán ao dispositivo de vixilancia e a súa presenza terá un efecto disuasorio fronte a posibles

incendarios.

b.2. Plan preventivo: potenciación das infraestruturas defensivas, fomento da silvicultura.

b.3. Plan de extinción.

Continuarase coas modificacións xa previstas no dispositivo de defensa e da súa dimensión para adecuala tanto á realidade do problema como ao orzamento dispoñible.

b.4. Plan de formación do persoal e Plan de seguridade e saúde na prevención e extinción de incendios forestais.

Terá a máxima consideración esta formación específica, tanto na realización de traballos preventivos como no desenvolvemento dos traballos de extinción, cunha formación específica e sistemática.

b.5. Plan de renovación/adquisición de dotacións, equipamento e material de loita contra incendios.

No eido do Mar-industria, consígnanse 115,6 millóns de euros, incluíndo as actuacións de Portos, que representan o 17,2% sobre o Obxectivo estratéxico e o 7,9% sobre o eixe de dinamización económica, presentando unha porcentaxe do 1,3% do total do PEG.

As principais actuacións propostas no orzamento son:

Desenvolvemento do plan acuícola con especial énfase no tinxinte aos emprazamentos e á súa adecuación ambiental, social e ambiental e apoio económico para o seu desenvolvemento.

Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector.

Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros, con especial atención a aqueles que facilitan a operatividade e loxística diaria.

Actuacións de recuperación das zonas improdutivas e da restauración da normal actividade extractiva naquelas áreas onde non se permitía por diversas causas.

Formación dos traballadores do sector.

Mellora da comercialización dos produtos da pesca, especialmente no tinxinte á promoción como fórmula de valorización dos produtos do mar.

Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.

Potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.

Medidas tendentes a procurar a mellora da calidade dos produtos así como a dos procesos da súa elaboración.

Adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.

Reforzamento das liñas de investigación e iniciación de novos proxectos.

Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías de pescadores.

Busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade.

Fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros, levando a cabo unha acción de fomento de consumo de produtos pesqueiros nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos.

Actuacións destinadas á adaptación da frota galega á dispoñibilidade dos recursos coa finalidade de evitar a sobreexplotación e acadar un desenvolvemento sustentable do sector.

Actuacións relacionadas coa pesca costeira artesanal, destinadas a fomentar a organización e control da trazabilidade dos produtos comercializados da pesca costeira artesanal.

Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios, fundamentalmente a través de Portos de Galicia, cuxas actuacións irán dirixidas en dúas direccións fundamentais: a construción e mellora de infraestruturas portuarias (tanto para os tráxicos comerciais e pesqueiros, como para a náutica deportiva) e o desenvolvemento de actividades e prestación de servizos aos usuarios e concesionarios para lograr unha mellora competitiva do comercio do sector e da actividade marítima en xeral. Deste xeito, incrementarase a produtividade, a mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible.

Entre as actuacións a realizar en portos deportivos, sinalar as de remodelación de instalacións náutico-deportivas nos portos de Vicedo e Muros, con 112 metros de lonxitude de dique nova/mellorada e 3.549 m² de superficie acondicionada.

Outros portos nos que se pretende actuar en 2012 serán os de Camariñas, Fene, Fisterra, Laracha, Miño, Oleiros, Pontedeume, e Ribeira (A Coruña) , en Ribadeo e Moaña, Vilanova e Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

O Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño (INTECMAR) desenvolve a súa actividade en dúas liñas básicas:

Control da calidade do medio mariño en todas as vertentes: en canto ás condicións oceanográficas e a bioxeoquímica mariña, en canto ao fitoplancto, en canto ás biotoxinas mariñas, en canto á contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos), en canto á contaminación microbiolóxica.

Control zosanitario: control patolóxico de moluscos e peixes.

Actuacións que desenvolven o Plan territorial de continxencias e loita contra a contaminación mariña accidental.

Tamén se recollen créditos para o apoio aos proxectos piloto realizados por un axente económico en cooperación cun organismo científico ou técnico que estean dirixidos á adquisición e difusión de novos coñecementos técnicos.

Adecuación e mellora das condicións de zonas produtivas, especialmente para mellorar as condicións sanitarias das zonas de produción marisqueira.

Axudas a entidades de interese colectivo, asociativas dos profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a xestión dos recursos pesqueiros.

Axudas para a paralización definitiva de buques pesqueiros.

Axudas destinadas a mellorar a seguridade e as condicións de traballo, a calidade e hixiene dos produtos a bordo dos barcos pesqueiros así coma o rendemento enerxético e a selectividade.

Medidas socioeconómicas para apoiar a saída anticipada do sector pesqueiro e a reconversión profesional dos pescadores.

Axudas para a construción, ampliación, equipamento e modernización de establecementos de transformación e comercialización.

Axudas á pesca costeira artesanal.

Axudas a investimentos no ámbito da acuicultura.

Accións piloto sobre aplicación de enerxías limpas e renovables ás actividades pes-

queiras e sobre a xestión de residuos xerados pola pesca.

Programa de formación dos traballadores do sector pesqueiro, na mellora da xestión e tratamento dos recursos pesqueiros.

Programa de formación para o tratamento dos produtos pesqueiros frescos.

Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos.

Programa de formación para o consumo e comercialización do peixe fresco.

Creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca.

Realización de campañas de promoción de produtos da pesca e de estudos de mercado.

Certificación da calidade incluída a creación de etiquetas e a certificación de produtos capturados.

Campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca e a realización de estudos de mercado.

Desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, para o cal se destinan recursos para alcanzar as previsións dos plans estratéxicos zonais elaborados polos propios grupos de acción costeira coa participación de todos os axentes sociais e económicos das 7 zonas de pesca.

Coas actuacións de promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura, a través de campañas de promoción dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura, calcúlase que se realizarán 15 anuncios publicitarios TV, editaranse 30 publicacións e celebraranse ao redor de 12 campañas ao longo do ano, coa asistencia a 10 feiras do sector.

Cos proxectos de gasto que desenvolven a medida de promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura: Investimentos en transformación e comercialización, se outorgarán 100 axudas á transformación e comercialización.

No conxunto de medidas a prol do axuste do esforzo pesqueiro e modernización da frota para garantir a sustentabilidade dos recursos, calcúlase que haberá 190 axudas a investimentos en buques pesqueiros, 62 axudas entre as de carácter socioeconómico de compensacións económicas, 55 buques pesqueiros recibirán prestacións para a paralización definitiva de actividades da pesca. Tamén se calcula poñer en marcha 6 proxectos

piloto de diversificación e mantemento de actividades nas comunidades pescadoras.

Realizaranse tarefas de prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sustentabilidade, a través de 50 convenios de asistencia técnica e vixilancia dos bancos marisqueiros con 600 entidades asociativas do sector, e co desenvolvemento de 36 proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños, nos que se espera recuperar 39 zonas de produción.

No eido do fomento do audiovisual desenvolveranse actuacións específicas de difusión e de programación a través do Centro Galego das Artes da Imaxe, estimándose en 11.000 os espectadores das proxeccións de cine. Tamén se realizarán accións de recuperación, conservación e difusión do patrimonio audiovisual galego, xunto a actuacións encamiñadas a potenciar os sectores audiovisual e multimedia, fomentado a promoción da multimedia e a difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

Así mesmo estableceranse axudas aos produtores audiovisuais, estimándose en 20 as produtoras beneficiadas.

No ámbito do turismo, subsector que xunto ao audiovisual alcanza un importe de 55,3 millóns de euros, e que representa o 8,2% do obxectivo estratéxico e o 3,8% do eixe, se inclúen as accións tendentes á posta en valor dos recursos de interese turístico así como mellora dos servizos existentes para a consolidación dunha oferta turística de calidade.

Entre as actuacións plasmadas nos proxectos de gasto se sinalan aquí, entre outras, as de fomento de turismo rural, nas que se apoiarán 30 proxectos. As actuacións tendentes ao posicionamento dos produtos turísticos diferenciadores e singulares de Galicia, a través de TURGALICIA, se destinarán a realizar 10 plans e campañas de dinamización e a asistencia a feiras nacionais e internacionais do sector.

Entre as actuacións de difusión e dinamizadoras do turismo, realizaranse 7 de comunicación da nova marca, máis outras 40 de divulgación, lanzamento e consolidación da marca turística e o destino Galicia.

Entre as actuacións previstas na Cidade da Cultura de Galicia, que debe servir para difundir a marca Galicia internacionalmente, programaranse 100 actividades coas que se calcula a chegada de 250.000 visitas.

III.2.4. OE 4: Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

A incorporación activa e cualificada ao traballo será unha peza fundamental, especialmente nunha rexión na que o avellentamento da poboación, o menor crecemento natural e a menor entrada relativa de inmigración constitúen elementos constantes.